

2.4 Indicación a presión atmosférica: á presión atmosférica o indicador debe marcar sempre cero.

2.5 Resistencia: os manómetros deben resistir as presións estables, as sobrepresións e as presións cíclicas como se describe a continuación, sen exceder do valor absoluto do erro máximo permitido dentro do campo de referencia de temperatura.

Os manómetros deben soportar, durante un período prolongado, unha presión estable igual ao valor máximo da escala.

2.5.1 Sobrepresión: os manómetros deben soportar durante un curto período unha sobrepresión do 25% sobre o límite superior da escala de medida.

2.5.2 Presión cíclica: os manómetros deben resistir:

1000 impulsos dados por unha presión que varíe do cero a un valor comprendido entre o 90% e o 95% do límite superior do campo de medida.

10000 ciclos dunha presión que varíe lentamente desde un 20%, aproximadamente ata un 75% do límite superior do campo de medida, cunha frecuencia non superior a 60 ciclos por minuto.

2.6 Condicións de funcionamento:

2.6.1 Temperatura: as temperaturas mínima e máxima de almacenamento serán de -40 . °C e 70 . °C, respectivamente.

2.6.2 Estanquidade á auga e partículas estrañas: a clase de protección mínima será: IP 44.

2.6.3 Ambiente mecánico: a clase do ambiente mecánico aplicable é a M2, segundo o establecido no anexo IV do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

A indicación dos manómetros de tipo B non se debe modificar despois de 10 caídas libres desde unha altura de 250 mm en cada un dos seus eixes ortogonais.

A indicación dos manómetros de tipo C non se debe modificar despois de 10 caídas libres desde unha altura de 500 mm en cada un dos seus eixes ortogonais.

O erro dun manómetro non debe exceder 0,5 veces o erro máximo permitido despois de verse sometido a unha vibración, en calquera dos seus eixes ortogonais, das características sinaladas na táboa 3.

Táboa 3. Vibración

Característica	
Aceleración	5 m/s ²
Rango de frecuencia	10 Hz a 150 Hz
Velocidade de varrido	1 oitava/min
Tempo	2 horas

2.6.4 Posición de montaxe: a variación de $\pm 10^\circ$ con respecto á posición de montaxe nominal non debe xerar unha variación da indicación superior a 0,5 veces o erro máximo permitido.

2.6.5 Ambiente electromagnético: a clase do ámbito electromagnético aplicable é a E2, segundo o establecido no anexo IV do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo. O efecto dunha perturbación electromagnética deberá ser tal que a indicación do instrumento permaneza dentro da marxe de erro permitida ou que o instrumento detecte o fallo e reaccione ante el.

2.6.6 Inscricións: os manómetros que se poñan en servizo deberán incorporar as seguintes inscricións: o símbolo da magnitude medida, Pe, a unidade de presión, bar ou kPa, a marca e modelo, o n.º de serie e a posición de traballo do instrumento, se for necesario.

2.6.7 Marcas de verificación e precintos: o manómetro debe ter prevista unha localización adecuada para colocar a marcación establecidas no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

ANEXO III

Normas e documentos técnicos que establecen a presunción de conformidade cos requisitos esenciais dos instrumentos

Presumirase a conformidade dos instrumentos cos requisitos esenciais metrolóxicos e técnicos daqueles instrumentos que cumpran coa norma nacional UNE-EN 12645 e o determinado no documento D11 da Organización Internacional de Metroloxía Legal (OIML).

ANEXO IV

Requisitos para a inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico das persoas ou entidades que repararen manómetros

As persoas ou entidades que se propoñan reparar ou modificar os manómetros a que se refire esta orde deberán inscribirse como reparadores autorizados no Rexistro de control metrolóxico, segundo o disposto no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

A inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico requirirá, por parte do solicitante, a dispoñibilidade dos requisitos técnicos e humanos necesarios para poder realizar o seu traballo e dos medios técnicos que lle permitan efectuar a comprobación do instrumento unha vez reparado e garantir a súa bondade. Para iso deberá dispor, como mínimo, do seguinte equipamento:

1) Unha fonte de presión dotada dun sistema que permita realizar unha variación continua dela entre a presión atmosférica e, polo menos 1,5 MPa, tanto en sentido crecente como decrecente.

2) Un manómetro de referencia debidamente calibrado e trazado a patróns nacionais cuxa incerteza de uso, para un intervalo de confianza do 95%, sexa menor ou igual a un cuarto do máximo erro permitido para os manómetros electrónicos para pneumáticos.

3) Os medios necesarios para realizar a conexión á fonte de presión de ambos os manómetros (o de referencia e o electrónico para pneumáticos), co fin de poder realizar o contraste das súas medidas.

21277 *ORDE ITC/3701/2006, do 22 de novembro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado dos rexistradores de temperatura e termómetros para o transporte, almacenamento, distribución e control de produtos a temperatura controlada.* («BOE» 291, do 6-12-2006.)

A Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, establece o réxime xurídico da actividade metrolóxica en España, ao cal se deben someter en defensa da seguranza, da protección da saúde e dos intereses económicos dos consumidores e usuarios os instrumentos de medida nas condicións que regulamentariamente se determinen. Esta lei foi desenvolvida posteriormente por diversas normas de contido metrolóxico, entre as cales se encontra o Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

O Regulamento (CE) n.º 37/2005 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2005, relativo ao control das temperaturas nos medios de transporte e os locais de depósito e almacenamento de alimentos ultraconxelados destinados ao consumo humano, determina que os medios de trans-

porte e os locais de depósito e almacenamento dos alimentos ultraconxelados deberán dispor de instrumentos de rexistro axeitados para controlar a intervalos regulares e frecuentes a temperatura do aire a que estean sometidos os alimentos ultraconxelados. O mesmo regulamento especifica que todos os instrumentos de medición anteriores utilizados para controlar a temperatura deberán cumprir as normas EN 12830, EN 13485 e EN 13486, derrogando, pola súa vez, a Directiva 92/1/CEE.

Por outra parte, o Real decreto 380/1993, do 12 de marzo, relativo aos alimentos ultraconxelados destinados á alimentación humana, establece que os medios de transporte e os locais de depósito e almacenamento deberán dispor durante a súa utilización de instrumentos de rexistro adecuados para controlar, de modo automático e a intervalos regulares e frecuentes, a temperatura do aire a que están sometidos os alimentos ultraconxelados destinados ao consumo humano. En materia de transporte, os instrumentos de medición deberán axustar ao establecido na lexislación estatal sobre control metrolóxico ou, de ser o caso, ao establecido na lexislación do país en que os medios de transporte estean rexistrados, motivo polo cal o Estado español ditou a Orde do Ministerio de Fomento do 2 de setembro de 1996, pola que se regula o control metrolóxico do Estado sobre os rexistradores de temperatura no transporte de produtos ultraconxelados para o consumo humano.

Cabe salientar, pola súa vez, que no punto 6 do artigo 5 do Real decreto 237/2000, do 18 de febreiro, polo que se establecen as especificacións técnicas que deben cumprir os vehículos especiais para o transporte terrestre de produtos alimentarios a temperatura regulada e os procedementos para o control de conformidade coas especificacións, indícase que terán obriga de instalar un dispositivo apropiado de medida e rexistro da temperatura interior da caixa os vehículos das clases RRC, FRC e FRF cando realicen transporte de produtos ultraconxelados que non sexa de distribución local.

Por todo o anterior é necesario que, desde o punto de vista metrolóxico, polo menos, se regulen os requisitos que deben cumprir para superar o control metrolóxico do Estado estes instrumentos utilizados nos medios de transporte e locais de depósito e almacenamento de alimentos ultraconxelados destinados ao consumo humano.

Para a elaboración da orde foron consultadas as comunidades autónomas e realizouse o preceptivo trámite de audiencia aos interesados. Así mesmo, emitiu informe favorable o Consello Superior de Metroloxía.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE do 20 de xullo, así como polo Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora ambas as dúas directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto desta orde a regulación do control metrolóxico do Estado dos rexistradores de temperatura e termómetros, así como dos sensores dissociables deles, que se instalen ou utilicen no transporte, almacenamento, distribución e control de produtos a tempera-

tura controlada en cumprimento de disposicións regulamentarias.

Artigo 2. *Fases de control metrolóxico.*

O control metrolóxico do Estado establecido nesta orde é o que se regula nos capítulos II e III do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida que se refiren, respectivamente, ás fases de comercialización e posta en servizo e á de instrumentos en servizo dos dispositivos de medida referidos no artigo 1 desta orde.

O control regulado no capítulo II levarase a cabo a teor dos procedementos de avaliación da conformidade que se determinan no artigo 6 e o anexo III do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

Os controis dos instrumentos que están en servizo comprenderán tanto a verificación despois de reparación ou modificación como a verificación periódica daqueles.

CAPÍTULO II

Fase de comercialización e posta en servizo

Artigo 3. *Requisitos esenciais metrolóxicos e técnicos.*

Os requisitos esenciais, metrolóxicos e técnicos que deben cumprir os instrumentos son os determinados nos documentos técnicos que se citan no anexo III desta orde.

Artigo 4. *Módulos para a avaliación da conformidade.*

Os módulos que se utilizarán para levar a cabo a avaliación da conformidade dos instrumentos a que se refiren os artigos 1 e 2 desta orde serán elixidos, entre os que se determinan no punto 2 do artigo 6 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, e que se desenvolven no seu anexo III, polo responsable da súa posta en servizo, combinando á súa elección unha das opcións seguintes:

a) Módulo B, exame de modelo, mais módulo D, declaración de conformidade co modelo, baseada na garantía da calidade do proceso de fabricación.

b) Módulo B, exame de modelo, mais módulo F, declaración de conformidade co modelo baseada na verificación de produto.

c) Módulo G, declaración de conformidade baseada na verificación por unidade.

Os ensaios correspondentes aos módulos B, F e G defínense no anexo I desta orde.

Presuponse a conformidade cos requisitos esenciais metrolóxicos e técnicos, establecidos no artigo 3, daqueles instrumentos procedentes doutros Estados membros da Unión Europea e de Turquía ou orixinarios doutros Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, que cumpran coas normas técnicas, normas ou procedementos legalmente establecidos nestes Estados, ou recibisen un certificado destes organismos, sempre e cando os niveis de precisión, seguranza, adecuación e idoneidade sexan equivalentes aos requiridos nesta orde.

A Administración pública competente poderá solicitar a documentación necesaria para determinar a equivalencia mencionada no parágrafo anterior. Cando se comprobe o incumprimento dos requisitos esenciais, técnicos e metrolóxicos, a Administración pública competente poderá impedir a posta en mercado e servizo dos instrumentos.

CAPÍTULO III

Verificación despois de reparación ou modificación**Artigo 5. Definición.**

Enténdese por verificación despois de reparación ou modificación, de acordo co disposto na alínea z) do artigo 2 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, o conxunto de exames administrativos, visuais e técnicos que poden ser realizados nun laboratorio ou no lugar de uso, que teñen por obxecto comprobar e confirmar que un instrumento en servizo mantén, despois dunha reparación ou modificación que requira rotura de precintos, as características metrolóxicas que lle sexan de aplicación en especial no que se refire aos erros máximos permitidos, así como que funcione conforme o seu deseño e sexa conforme coa súa regulamentación específica e, de ser o caso, conforme co deseño ou modelo aprobado.

Artigo 6. Actuacións dos reparadores.

Todas as actuacións realizadas por un reparador autorizado estarán documentadas nun parte de traballo, en formato díptico autocopiativo. A primeira folla do parte deberá quedar en poder da entidade reparadora e a segunda en poder do titular do rexistrador da temperatura ou do termómetro; ambos os dous, á disposición da autoridade competente e dos organismos autorizados de verificación, durante un prazo mínimo de dous anos desde que se realizou a intervención.

Deberanse anotar a natureza da reparación, os elementos substituídos, a data da actuación, o número con que o reparador que efectuase a reparación estea inscrito no Rexistro de Control Metrolóxico, a identificación da persoa que realizou a reparación ou modificación, a súa sinatura e o selo da entidade reparadora. A descrición das operacións realizadas deberase detallar suficientemente para que poida avaliar o seu alcance a autoridade competente.

Artigo 7. Suxeitos obrigados e solicitudes.

O titular do termómetro ou rexistrador de temperatura deberalle comunicar á Administración pública competente a súa reparación ou modificación, indicando o seu obxecto e especificando cales son os elementos substituídos, de ser o caso, e os axustes e controis efectuados. Antes da súa posta en servizo, deberá solicitar a verificación deste á Administración pública competente ou ao organismo de verificación.

Presentarase a solicitude de verificación cubrindo o boletín establecido no anexo II.

Unha vez presentada a solicitude de verificación dun termómetro ou rexistrador de temperatura despois da súa reparación ou modificación, a Administración pública competente ou o organismo autorizado de verificación metrolóxica correspondente disporán dun período máximo de trinta días para proceder á súa verificación.

Artigo 8. Ensaíos e execución.

O instrumento deberá superar un exame administrativo, consistente na súa identificación completa e a comprobación de que este reúne os requisitos exixidos para estar legalmente en servizo. Será realizado tomando como base a información do boletín de identificación a que se refire o anexo II. Comprobarase especialmente que o instrumento posúe a declaración de conformidade ou, de ser o caso, a aprobación de modelo, e as marcacións correspondentes de acordo co

indicado no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, e que a placa de características cumpre os requisitos indicados en cada caso.

Os ensaios que se realizarán para a verificación despois de reparación ou modificación son os mesmos que se exixen para a verificación periódica.

Artigo 9. Erros máximos permitidos.

Os erros máximos permitidos son os que figuran no anexo III.

Artigo 10. Conformidade.

Superada a fase de verificación despois de reparación ou modificación, farase constar a conformidade do termómetro ou do rexistrador de temperatura para efectuar a súa función mediante a adhesión dunha etiqueta nun lugar visible do instrumento verificado, que deberá reunir as características e os requisitos que se establecen no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, especificando nesta a clase de instrumento de que se trate. Emitirase, así mesmo, o correspondente certificado de verificación. O verificador procederá a reprecintar o instrumento.

A verificación despois de reparación ou modificación terá efectos de verificación periódica respecto ao cómputo do prazo para a súa solicitude.

Artigo 11. Non-superación da verificación.

Cando un termómetro ou un rexistrador de temperatura non superen a verificación despois de reparación ou modificación, deberá ser posto fóra de servizo ata que se emende a deficiencia que impediu a superación. Farase constar esta circunstancia mediante unha etiqueta de inhabilitación de uso, situada nun lugar visible do instrumento, cuxas características se indican no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, especificando nesta a clase de instrumento de que se trate. No caso de que a devandita deficiencia non se emende, adoptaranse as medidas oportunas para garantir que sexa retirado definitivamente do servizo.

CAPÍTULO IV

Verificación periódica**Artigo 12. Definición.**

Enténdese por verificación periódica, de acordo co disposto na alínea aa) do artigo 2 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, o conxunto de exames administrativos, visuais e técnicos que poden ser realizados nun laboratorio ou no lugar de uso, que teñen por obxecto comprobar e confirmar que un instrumento en servizo mantén, desde a súa última verificación, as características metrolóxicas que lle sexan de aplicación, en especial, no que se refire aos erros máximos permitidos, así como que funcione conforme o seu deseño e sexa conforme coa súa regulamentación específica e, de ser o caso, conforme co deseño ou modelo aprobado.

Artigo 13. Suxeitos obrigados e solicitudes.

Os titulares dos instrumentos a que se refire o artigo 1 desta orde estarán obrigados a solicitar aos dous anos da posta en servizo ou, de ser o caso, desde a última verificación realizada, a verificación periódica destes á Adminis-

tración pública competente ou ao organismo de verificación, quedando prohibido o seu uso no caso de que non se supere esta fase de control metrolóxico.

Presentarase a solicitude de verificación cubrindo o boletín establecido no anexo II.

Unha vez presentada a solicitude de verificación periódica dun termómetro ou rexistrador de temperatura, a Administración pública competente ou o organismo autorizado de verificación metrolóxica correspondente disporán dun período máximo de trinta días para proceder á súa verificación.

Artigo 14. *Ensaio e execución.*

O instrumento deberá superar un exame administrativo, consistente na súa identificación completa e a comprobación de que este reúne os requisitos exixidos para estar legalmente en servizo. Será realizado tomando como base a información achegada polo solicitante no boletín de identificación establecido no anexo II. Comprobarase especialmente que o instrumento posúe a declaración de conformidade ou, de ser o caso, a aprobación de modelo, e as marcacións correspondentes de acordo co indicado no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

Os instrumentos a que se refire o artigo 1 desta orde deberán someterse aos ensaios indicados no seu anexo III.

Artigo 15. *Erros máximos permitidos.*

Os erros máximos permitidos na verificación periódica son os indicados no anexo III.

Artigo 16. *Conformidade.*

Superada a fase de verificación periódica, farase constar a conformidade do termómetro ou do rexistrador de temperatura para efectuar a súa función, mediante a adhesión dunha etiqueta nun lugar visible do instrumento verificado, que deberá reunir as características e requisitos que se establecen no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, especificando nesta o instrumento de que se trate. Emitirase, así mesmo, o correspondente certificado de verificación.

Artigo 17. *Non-superación da verificación.*

Cando un instrumento dos referidos no artigo 1 desta orde non supere a verificación periódica, deberá ser posto fóra de servizo ata que se emende a deficiencia que impediu a superación. Farase constar esta circunstancia mediante unha etiqueta de inhabilitación de uso, cuxas características se indican no anexo I do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, especificando nesta o instrumento de que se trate. No caso de que a devandita deficiencia non se emende, adoptaranse as medidas oportunas para garantir que sexa retirado definitivamente do servizo.

Disposición transitoria única. *Instrumentos en servizo.*

Os termómetros e rexistradores de temperatura que estean en servizo no momento da entrada en vigor desta orde poderán seguir sendo utilizados mentres superen a verificación periódica nos termos establecidos nesta.

Os rexistradores de temperatura que obtivesen aprobación dos seus modelos segundo a Orde do

Ministerio de Fomento do 2 de setembro de 1996 pola que se regula o control metrolóxico do Estado sobre os rexistradores de temperatura no transporte de produtos ultraconxelados para o consumo humano, poderanse seguir comercializando ata a finalización do período de vixencia das súas aprobacións de modelo. Antes da comercialización, deberase colocar sobre o instrumento unha etiqueta ou placa complementaria na cal se indique a clase de precisión do instrumento segundo a norma UNE-EN 12830.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do Ministerio de Fomento do 2 de setembro de 1996 pola que se regula o control metrolóxico do Estado sobre os rexistradores de temperatura no transporte de produtos ultraconxelados para o consumo humano.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.12.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado, como competencia exclusiva, a lexislación de pesos e medidas.

Disposición derradeira segunda. *Normativa xeral de aplicación aos procedementos administrativos.*

No non particularmente previsto nesta orde e no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, os procedementos administrativos a que dean lugar as actuacións reguladas nesta orde rexeranse polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na lexislación específica das administracións públicas competentes.

Disposición derradeira terceira. *Autorización para a modificación do contido técnico da orde.*

Autorízase o secretario xeral de Industria para introducir nos anexos desta orde, mediante resolución e logo de informe de Consello Superior de Metroloxía, cantas modificacións de carácter técnico sexan precisas para manter adaptado o seu contido ás innovacións técnicas que se produzan.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 22 de novembro de 2006.—O ministro de Industria, Turismo e Comercio, Joan Clos i Matheu.

ANEXO I

Ensaio para a avaliación da conformidade

Módulo B:

A avaliación da conformidade que se leve a cabo en aplicación do módulo B é a descrita no anexo III do RD 889/2006, do 21 de xullo.

Os ensaios que se deben realizar e ser superados satisfactoriamente polo instrumento son os previstos na seguinte táboa que fai referencia a diversos puntos das normas UNE-EN 12830 e UNE-EN 13485:

Ensaio	Instalación estática	Transporte	Puntos da norma UNE-EN 12830	Puntos da norma UNE-EN 13485
Determinación do erro na medida da temperatura	+	+	5.3	5.3
Determinación do tempo de resposta	+	+	5.4	5.4
Determinación do erro no rexistro do tempo (1)	+	+	5.5	–
Variación na tensión de alimentación (2)	+	+	5.6.2	5.5.2
Rixidez dieléctrica (2)	+	+	5.6.9	5.5.8
Influencia da temperatura ambiente	+	+	5.6.3	5.5.3
Ensaio de temperatura en condicións de almacenamento e transporte . . .	+	+	5.6.4	5.5.4
Resistencia aos choques (3)		+	5.6.5	5.5.5
Vibracións mecánicas		+	5.6.6	5.5.6
Graos de protección proporcionados pola envolvente	+	+	5.6.7	5.5.7
Compatibilidade electromagnética (EMC) (4)	+	+	–	–

(1) Só en rexistradores de temperatura.

(2) Se é de aplicación.

(3) En termómetros, só para termómetros fixos.

(4) O rexistrador ou o termómetro debe estar conforme cos requisitos de UNE-EN 61000-6-3 e UNE-EN 61000-6-1 ou calquera outra norma específica cando sexa de aplicación.

+ Aplica o ensaio correspondente.

No exame de modelo deberanse especificar as características de todos os elementos posibles que contemplan toda a cadea de medida.

Os erros máximos permitidos nos ensaios inherentes ao exame de modelo serán os indicados no punto 6.2 da norma española UNE-EN 13485, para termómetros, e os puntos 6.2 e 4.9.2.4 da norma española UNE-EN 12830, para rexistradores de temperatura.

Todo rexistrador de temperatura ou termómetro fabricado conforme un modelo avaliado, así como os seus sensores, deberán levar inscritas as indicacións establecidas no punto 8 das normas españolas UNE-EN 12830 e UNE-EN 13485, para rexistradores de temperatura e termómetros, respectivamente.

Módulo F:

A avaliación da conformidade correspondente ao módulo F é a descrita no anexo III do RD 889/2006, do 21 de xullo.

Os ensaios que se deben realizar e ser superados satisfactoriamente polo instrumento son os indicados no punto 5.3 da norma española UNE-EN 13485 para termómetros, e nos puntos 5.3 e 5.5 da norma española UNE-EN 12830 para rexistradores de temperatura, así como a correcta marcación e precintaxe definidas nos seus correspondentes exames de modelo.

Os erros máximos permitidos nos ensaios serán os recollidos no punto 6.2 da norma española UNE-EN 13485 para termómetros, e nos puntos 6.2 e 4.9.2.4 da norma española UNE-EN 12830 para rexistradores de temperatura. Comprobarase o correcto funcionamento de todos os dispositivos de visualización, impresión e descarga de datos que leve asociado o rexistrador e que figuren no exame de modelo.

Unha vez realizados os ensaios correspondentes a este módulo con resultado satisfactorio, no caso dos instrumentos que requiran instalación posterior para a cal se teña que levantar e restituír algún precinto sen modificación do conxectivo inicial, comprobarase o correcto funcionamento dos instrumentos unha vez instalados, procedéndose á súa precintaxe.

Se a montaxe, ademais, implicase realizar cambios no conxectivo ou instalación de novos condutores previstos no exame de modelo entre os sensores de temperatura e o equipamento de lectura con respecto ao conxunto que se ensaiou, realizaranse os ensaios correspondentes á verificación despois de reparación ou modificación descritos no capítulo III.

Módulo G:

A avaliación da conformidade que se leve a cabo en aplicación do módulo G realizarase baixo os mesmos criterios determinados para o módulo B.

ANEXO II
Solicitud de verificación

- PERIÓDICA
 DESPOIS DE REPARACIÓN OU MODIFICACIÓN

Boletín de identificación de rexistradores de temperatura e termómetros

Nome do propietario:.....
Enderezo.....
Localidade:.....Teléfono:.....
Lugar en que vai colocado o instrumento:.....
Fabricante do instrumento:.....
Marca:.....Modelo:.....
Número de serie:.....Rango de medida:.....
Unidade de medida:.....Resolución:.....
Data de instalación:.....Clase de precisión.....

Nº de aprobación de modelo (*)

Data da verificación primitiva (*)

Certificado de exame de modelo nº:.....con data do:.....

Organismo de control nº

Certificado de conformidade nº:.....con data do:.....módulo.....

Organismo de control nº

Data da última verificación periódica.....Organismo verificador nº

(*) Para termómetros ou rexistradores en servizo antes da entrada en vigor desta orde

En....., o..... de..... de.....

(Selo e sinatura do titular do rexistrador de temperatura)

ANEXO III

Normas técnicas aplicables

Os requisitos esenciais, metrolóxicos e técnicos que deben cumprir os instrumentos son os determinados no punto 4 das normas UNE-EN 12830 e UNE-EN 13485 para rexistradores de temperatura e termómetros, respectivamente.

Os erros máximos permitidos na verificación periódica ou despois de reparación ou modificación serán os indicados nos puntos 5.6 e 6.4 da norma española UNE-EN 13486 para rexistradores de temperatura, e o punto 5.6 para termómetros.

Os ensaios correspondentes á verificación periódica son os indicados no punto 5 da norma española UNE-EN 13486 para termómetros, e os indicados nos puntos 5 e 6 da devandita norma para rexistradores de temperatur

21358 *ORDE ITC/3707/2006, do 22 de novembro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado dos instrumentos destinados a medir a concentración de alcohol no aire exhalado.* («BOE» 292, do 7-12-2006.)

A Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, establece o réxime xurídico da actividade metrolóxica en España, réxime a que deben someterse en defensa da seguranza, da protección da saúde e dos intereses económicos dos consumidores e usuarios, os instrumentos de medida, nas condicións que regulamentariamente se determinen. Esta lei foi desenvolvida posteriormente por diversas normas de contido metrolóxico, entre as cales se encontra o Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

Este real decreto traspón ao dereito interno a Directiva 2004/22/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, relativa aos instrumentos de medida, ao tempo que adapta as fases de control metrolóxico referidas á aprobación de modelo e verificación primitiva, nos instrumentos sometidos a regulamentación específica nacional, ao sistema de avaliación da conformidade que se regula na directiva citada, abordando, ademais, o desenvolvemento das fases de control metrolóxico correspondentes á verificación periódica e despois de reparación, fases que non se regulan na normativa comunitaria.

De acordo con todo iso, a presente orde ten por obxecto regular o control metrolóxico do Estado dos instrumentos destinados a medir a concentración máscica de alcohol no aire exhalado, en todas as fases que se regulan no citado Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, é dicir, tanto as que corresponden á de comercialización e posta en servizo como aos controis dos instrumentos en servizo que comprenden as de verificación despois de reparación ou modificación e de verificación periódica.

Para a elaboración da orde foron consultadas as comunidades autónomas e realizouse o preceptivo trámite de audiencia aos interesados. Así mesmo, ten o informe favorable do Consello Superior de Metroloxía.

A presente disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en

materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, que incorpora ambas as directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto desta orde a regulación do control metrolóxico do Estado dos instrumentos destinados a medir a concentración de alcohol no aire exhalado, en diante denominados etilómetros, que se utilicen como medio para a imposición de sancións, realización de probas xudiciais ou aplicación de normas ou regulamentacións que exixan o seu uso.

Artigo 2. *Fases de control metrolóxico.*

1. O control metrolóxico do Estado establecido nesta orde é o que se regula nos capítulos II e III do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida, que se refiren, respectivamente, ás fases de comercialización e posta en servizo e á de instrumentos en servizo dos instrumentos de medida referidos no artigo 1 desta orde.

2. O control regulado no capítulo II desta orde levarase a cabo de conformidade cos procedementos de avaliación da conformidade que se determinan no artigo 6 e o anexo III do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

3. Os controis dos instrumentos que estean en servizo comprenderán tanto a verificación despois de reparación ou modificación como a verificación periódica daqueles.

CAPÍTULO II

Fase de comercialización e posta en servizo

Artigo 3. *Requisitos metrolóxicos e técnicos.*

Os requisitos esenciais, metrolóxicos e técnicos que deben cumprir os etilómetros son os que se establecen no anexo III desta orde.

Artigo 4. *Módulos para a avaliación da conformidade.*

1. Os módulos que se utilizarán para levar a cabo a avaliación da conformidade dos instrumentos a que se refire o artigo 1 serán o módulo B, exame de modelo, mais o módulo F, declaración de conformidade co modelo baseada na verificación do produto, que se determinan no punto 2 do artigo 6 e anexo III do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

2. Presuponse a conformidade cos requisitos esenciais metrolóxicos e técnicos, establecidos no artigo 4, daqueles etilómetros procedentes doutros Estados membros da Unión Europea e de Turquía ou orixinarios doutros Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, que cumpran coas normas técnicas, normas ou procedementos legalmente establecidos nestes Estados, ou recibisen un certificado destes organismos, sempre e cando os niveis de precisión, seguranza, adecuación e idoneidade sexan equivalentes aos requiridos nesta orde.

3. A Administración pública competente poderá solicitar a documentación necesaria para determinar a equivalencia mencionada no parágrafo anterior. Cando se comprobe o incumprimento dos requisitos esenciais, técnicos e metrolóxicos, a Administración pública compe-